



Por resolución reitoral do pasado día 9 de setembro publicouse a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos á prazas número 15/3001, 15/3003, 15/3011, 15/3012 e 15/3024 convocadas a concurso de méritos por resolución reitoral do 21 de xullo de 2015.

Na dita resolución do 9 de setembro, facíase pública igualmente a composición das comisións de selección encargadas de xulgar estes concursos de méritos (anexo II). Entre os membros destas comisións designábase ao profesor D. Anxo Calvo Silvosa, no cargo de presidente das mesmas na súa condición de Decano da Facultade de Economía e Empresa.

De todas as prazas sinaladas a respectiva comisión de selección, logo das correspondentes valoracións dos candidatos, formulou xa a correspondente proposta de asignación das mesmas, presentándose en tódolos casos cando menos unha reclamación por praza.

Dáse a circunstancia que o antedito presidente das Comisións de selección atópase na actualidade nunha estadia académica en Dublín (Irlanda) que impide a súa presenza na Facultade de Economía e Empresa ata case mediados do mes de outubro, circunstancia que necesariamente vai ralentizar a resolución destes procedementos selectivos dado que é preciso que cada unha das comisións de selección emita o seu informe sobre as respectivas reclamacións, previo ao envío de toda a documentación das prazas á Comisión de Reclamacións da UDC para que formule, de conformidade coa normativa reguladora destes procedementos de selección, e logo de estudar as reclamacións, unha nova proposta de resolución que será elevada ao reitor.

Por esta razón o profesor Calvo Silvosa, remitiu un escrito á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente informando da súa situación e manifestando o interese da súa Facultade de Economía e Empresa de que todos estes procesos de selección non se demoren no tempo, xa que isto constituiría un problema para a programación docente do centro e dos departamentos afectados, sendo urxente a incorporación do profesorado que se seleccione dado que o curso académico 2015/2016 xa se iniciou. Por todo o sinalado solicita a súa substitución na presidencia das comisións de selección das prazas reflectidas ao inicio, polo profesor D. Antonio García Lorenzo, vicedecano da mesma Facultade de Economía e Empresa.

O apartado 6.5 da normativa da UDC reguladora do procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, aprobada polo Consello de Goberno, na súa reunión do 30 de abril de 2014, e o 5.5 da resolución reitoral pola que se convocaron estas prazas, establecen que "Nos casos de ausencia ou causa xustificada que impediren a actuación do/a presidente/a da comisión, este/a será substituído/a polo/a vicedecano/a, subdirector/a ou profesor/a do centro de maior categoría e antigüidade.



Polo sinalado, considerando que as motivacións argumentadas polo Decano da Facultade de Economía e Empresa xustifican a súa substitución como presidente das comisións de selección das prazas número 15/3001, 15/3003, 15/3011, 15/3012 e 15/3024, e a fin de non demorar o proceso de selección, resolvo nomear ao profesor **D. Antonio García Lorenzo**, vicedecano da Facultade de Economía como **presidente da Comisións de selección das mencionadas prazas** para o que resta do proceso de selección das mesmas.

A Coruña, 29 de setembro de 2015

O reitor

P.D. (R.R. 16-01-2012)

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente

Gustavo Régo Veiga